

Na Orde de 25 de Xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galiza publicada no DOG do 11 de Febreiro de 2022 (en adiante, a "Orde"), actualizouse a normativa relativa á avaliación nas ensinanzas de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato.

Polo tanto é necesaria a presente adaptación da Programación Didáctica do Departamento de Educación Física.

Adaptacións referentes á ESO

Avaliación final

De acordo coa Orde, o curso organízase en tres avaliacións parciais e unha avaliación final.

No período abranguido entre a terceira avaliación e a avaliación final realizaranse actividades da tipoloxía fixada no artigo 7.8 da Orde (reforzo, ampliación...). Logo de realizada a terceira avaliación, a equipa docente realizará un breve informe para o alumnado con algunha avaliación sen superar que valerá como base para o deseño das correspondentes actividades de avaliación.

A cualificación da avaliación final realizarase do seguinte xeito:

1.- Alumnado coas tres avaliacións parciais aprobadas.

A cualificación da avaliación final será o resultado da media das tres avaliacións parciais.

Neste sentido, todo o alumnado coas tres avaliacións parciais aprobadas non terá que facer ningunha proba, simplemente facer o traballo diario con normalidade.

No referente ao redondeo da cualificación final, unha vez realizada a media das tres avaliacións, será á alza se a parte decimal do número enteiro iguala ou supera as 50 centésimas e á baixa en caso contrario.

2.- Alumnado con dúas ou tres avaliacións parciais suspensas

Terá unha proba final práctica e teórica, soamente das avaliacións suspensas.

No referente ao redondeo da cualificación da avaliación final, a partir de 5 puntos será á alza se a parte decimal do número enteiro iguala ou supera as 50 centésimas, e á baixa en caso contrario. O redondeo de notas inferiores a 5 puntos será á baixa.

3.- Alumnado con unha avaliación parcial suspensa

Terá unha proba final práctica e teórica, A cualificación da avaliación final será o resultado da media das dúas avaliacións parciais aprobadas (ponderado como dous terzos da cualificación final) co resultado dunha proba escrita final relativa unicamente aos contidos estudados nesa avaliación parcial (ponderado como un terzo da cualificación final).

No referente ao redondeo da cualificación da avaliación final, a partir de 5 puntos será á alza se a parte decimal do número enteiro iguala ou supera as 50 centésimas, e á baixa en caso contrario. O redondeo de notas inferiores a 5 puntos será á baixa.

4.- Observación para o alumnado coa terceira avaliación parcial suspensa

A proba escrita e práctica, valorada ata 6 puntos, será a opción de recuperación do alumnado coa terceira avaliación parcial suspensa..

Avaliación de materias pendentes de cursos anteriores

Dado que o alumnado con materias pendentes de cursos anteriores se incorporou moi tardiamente ao curso académico neste centro docente, farase o seguimento que permita esta limitación temporal. Este alumnado será avaliado con unha proba escrita final dos contidos dese curso pendente durante o mes de maio, na data establecida polo centro.

Adaptacións referentes a 1º de Bacharelato

De acordo coa Orde, o curso continúa organizándose en tres avaliacións parciais, unha avaliación final ordinaria e unha avaliación final extraordinaria, polo que continúa sendo aplicábel o disposto na Programación Didáctica.

Como novidade, establécese que o período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria até o remate do período lectivo, dedicarase á preparación e á realización das probas extraordinarias, e a actividades da tipoloxía fixada no artigo 13.6 da Orde; isto é: de apoio, reforzo, recuperación ou ampliación.

Criterios de cualificación.

A nota final do alumno/a determinará o seu progreso no proceso de ensino-aprendizaxe e a adquisición das competencias e estándares de aprendizaxe pensados para ese curso, haberá tres avaliacións e en cada unha de elas estableceremos unha cualificación que tentará valorar os aprendizaxes das unidades didácticas establecidas na temporalización.

A cualificación sairá dunha media ponderada que se establecerá en base a os tres ámbitos nos que baseamos as actividades de avaliación: os conceptos, os procedementos e as actividades e valores. Debido ao carácter eminentemente práctico da nosa materia, os procedementos son os que terán maior peso á hora de obter a cualificación do alumno, pero para evitar o abandono de os demais ámbitos do aprendizaxe, o alumno terá que superar en un 50% a nota de cada un dos ámbitos.

	ESO	1º BACH.
CONCEPTUAIS	30%	30%
PROCEDIMENTAIS	50%	50%
ACTITUDINAIS	20%	20%

PARA ACADAR CUALIFICACIÓN SUFICIENTE TERÁ QUE SUPERARSE O 50% DA NOTA EN CADA UN DOS ÁMBITOS

Observación: e imprescindible acudir ás sesións prácticas coa roupa e calzado apropiado para á realización de actividade física e útiles de aseo para o remate da mesma. O non cumprimento de esta norma implica o suspenso na materia (4 faltas de material por avaliación) xa que denota unha falta total de interese. Por outra banda a persistencia de faltas sen xustificar suporán a perda de dereito a avaliación continua (recollido no NOFC)

Mecanismos de recuperación

A cualificación pode ser negativa en algunha das avaliacións, polo que o departamento establece unha serie de mecanismos de recuperación e reforzo que permitan poder acadar os estándares de aprendizaxe antes do remate do curso.

Aqueles alumnos que non superen algunha avaliación positivamente terán a oportunidade de recuperar mediante a realización novas probas antes da avaliación ordinaria. Estas probas irán determinadas polos estándares de aprendizaxe non superados.

Palas de Rei a 28 de marzo de 2022

O xefe de Departamento:
Francisco Varela Lorenzo.